



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA NO ANO 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia,
DECLARA:

Que esta Consellería formalizou coa A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) para o desenvolvemento de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia, en concreto as actuacións obxecto do convenio se engloban seguintes programas que se indican a continuación:

1. Programa de comunicación
2. Programa de asesoramento e documentación
3. Programa de representación, promoción social e divulgación do sector
4. Programa de formación
5. Programa para o mantemento e actualización do Catastro Mineiro de Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A COMG, corporación de dereito público que é órgano consultivo da Administración, ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira nesta Comunidade Autónoma e, en concreto, a elaboración de estudos e informes e a contribución á formación de estatísticas mineiras, segundo se desprende do Real decreto do 23/09/1921 polo que se crean as Cámaras Oficiais Mineiras.

A COMG, segundo se contempla no artigo 3 do seu Regulamento de réxime interior aprobado definitivamente por resolución do 05/04/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención a súa compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e





territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios.

Así mesmo, exercerá as competencias de carácter público que lle atribúe a lexislación relativa ás Cámaras Oficiais Mineiras e as que lles poidan ser asignadas polas Administracións Públicas de conformidade cos instrumentos que establece o ordenamento xurídico.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará **OITENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS (89.952,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **09.20.734A.481.0** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces

(Asinado dixitalmente na marxe)

